



Santa María A Real de Sar

Xunto á cidade histórica de Santiago de Compostela érguese o conxunto arquitectónico de Santa María a Real de Sar, así chamada por situarse no barrio do mesmo nome, a que á súa vez o toma do río que o atravesa. As súas orixes remóntanse ao ano 1136, cando se fundou como primeira comunidade agostiña de Galicia, en tempos do Arcebispo Xelmírez. De forma inmediata, o prelado fomenta as relacións entre a Catedral e esta igrexa, de maneira que pronto se converte nun importante referente eclesiástico na cidade. A construción do edificio medieval reflicte unha importante influencia do taller da basílica xacobeá, en especial do Mestre Mateo.

Destaca a ampla serie de laudas funerarias e sepulcros, como o de Bernardo II, arcebispo de Compostela entre 1221 e 1237. De época medieval consérvase boa parte do claustro, un dos mellores do seu estilo, con referencias, de novo, ao taller mateano.

A igrexa convértese en colexiata no século XVI e, no XIX, en parroquia.




Chama a atención a acusada inclinación dos piares das súas naves, cuxa causa parece indicar a coincidencia de diferentes factores relacionados tanto con algunhas deficiencias na construción como coa natureza pantanosa do terreo.

Adxacente á igrexa organízase un pequeno museo de arte sacra, no que se gardan valiosas pezas históricas e documentais, como o pergamiño fundacional, de 1136, asinado por Xelmírez, pezas medievais vinculadas co taller do Mestre Mateo e obxectos litúrxicos do século XVIII.

Cómo chegar

1,4 Km
18 minutos



Visitas a igrexa, claustro e museo

Tarifa: Gratuíta visitantes Museo Catedral / Xeral 2 €
Entrada gratuíta para os menores de 12 anos acompañados de adultos.

*O acceso ao templo permanecerá pechado durante os actos litúrxicos.

*A compra de entrada ao Museo de Arte Sacro de Santa María de Sar supón a aplicación da tarifa reducida para calquera das modalidades de visita do Museo Catedral de Santiago.

Información e reservas:

www.catedraldesantiago.es / 981 562 891 / 902 044 077

E nos despachos de billetes de Santa María de Sar e do Museo Catedral de Santiago, na praza do Obradoiro.



FUNDACIÓN
CATEDRAL
DE SANTIAGO